

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACION FOMENTO, COÑECEMENTO, CONSTRUCION NAVAL E ACTIVIDADES MARITIMAS (EXPONAV) PARA A INTEGRACIÓN DA BIBLIOTECA DA FUNDACIÓN FOMENTO, COÑECEMENTO, CONSTRUCION NAVAL E ACTIVIDADES MARITIMAS (EXPONAV) NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA

Ámbito competencial

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e, en concreto, das atribucións en materia de bibliotecas, segundo o establecido no Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica. Neste sentido, no seu artigo 21, establece que *lle corresponde a xestión do Rexistro de Bibliotecas, dos procedementos de integración na rede, e de creación de novos centros, así como a declaración de bibliotecas de especial interese para Galicia.*

Dentro dese ámbito competencial, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, define a Rede de bibliotecas como un grupo coordinado de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, co fin de lograr a prestación do mellor servizo público dispoñible ás persoas usuarias. Segundo establece o artigo 7 da citada lei, *correspóndelle á Consellería de Cultura, Educación e Universidade tramitar e resolver os procedementos de integración de bibliotecas públicas ou servizos bibliotecarios na rede, segundo o establecido nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario, como órgano de dirección e coordinación do Sistema galego de bibliotecas, dentro do que se encadran as bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas.*

Con este fin, regúlanse os procedementos de rexistro e integración das bibliotecas especializadas na Rede de Bibliotecas de Galicia segundo establece o Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas, segundo establece no artigo 7, a rede configúrase *como a estruturación nun sistema coordinado, dos centros bibliotecarios incluídos no Sistema Bibliotecario de Galicia. Forman parte dela tanto os centros bibliotecarios dependentes directamente da consellería competente en materia de cultura, coma todos os de titularidade pública ou privada que, mediante a sinatura dun convenio, se comprometan a colaborar nos obxectivos de mellora do sistema bibliotecario que se perseguen coa dita rede.*

Por outra parte, a EXPONAV solicitou a integración na Rede de Bibliotecas de Galicia do seu centro bibliotecario, despois de que os servizos técnicos desta consellería analizaran a documentación achegada, procedeuse á redacción do correspondente informe de idoneidade e resolveuse a integración na Rede por parte do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade a través da publicación da *Orde do 11 de xuño de 2021 pola que se resolve a integración dos centros bibliotecarios do concello de Cenlle, da Fundación EXPONAV e da Fundación Granell na*



Rede de Bibliotecas de Galicia, (DOG núm. 118, do 23 de xuño). Para que a integración do centro bibliotecario na Rede adquiera firmeza e sexa efectiva, a normativa en materia de bibliotecas recolle a necesidade da formalización do presente convenio nun prazo de tres meses dende a publicación da orde de integración.

Antecedentes

Coa publicación da *Orde do 11 de xuño de 2021 pola que se resolve a integración dos centros bibliotecarios do concello de Cenlle, da Fundación EXPONAV e da Fundación Granell na Rede de Bibliotecas de Galicia*, (DOG núm. 118, do 23 de xuño), integrouse na Rede de Bibliotecas de Galicia a Biblioteca da EXPONAV de titularidade da EXPONAV. A integración formalizarase coa sinatura do presente convenio.

Obxecto

En consecuencia, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Comunidade Autónoma de Galicia e a EXPONAV acordan a formalización deste convenio co obxecto da inclusión do centro bibliotecario na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Importe e tipoloxía dos fondos económicos

A execución do presente convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos plans orzamentarios actuais nin terá repercusión en exercicios futuros, salvo a organización de actividades formativas e os plans e proxectos de cooperación que se poidan establecer nos que os gastos se instrumentarán xuridicamente a través dos correspondentes procedementos administrativos segundo a lexislación aplicable.

Normativa aplicable

Este convenio ten natureza administrativa e seranlle de aplicación as seguintes normas:

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución Española.
- Artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 29 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.
- RD 1531/1989, do 15 de decembro, sobre traspaso das funcións, servizos e medios en materia de cultura á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas.
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.





- Artigo 15.2 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- Orde do 11 de xuño de 2021 pola que se resolve a integración dos centros bibliotecarios do concello de Cenlle, da Fundación EXPONAV e da Fundación Granell na Rede de Bibliotecas de Galicia, (DOG núm. 118, do 23 de xuño. Procedemento CT230B.

Interese

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten especial interese en asinar este convenio co obxecto de formalizar o compromiso de integración do centro bibliotecario da EXPONAV na Rede de Bibliotecas de Galicia. Cumprindo polo tanto, o obxectivo de que todas as bibliotecas que prestan servizo público en Galicia e, que están activas se atopen en igualdade de condicións á hora de acceder a todos os recursos que lle ofrece a administración autonómica ás entidades titulares destes servizos.

Pola súa parte, a Fundación pon de manifesto o seu compromiso para acadar o cumprimento eficaz das funcións do centro bibliotecario e a satisfacción dos dereitos das persoas usuarias do mesmo.

Este convenio asínase cun período de vixencia de catro anos a partir da data da súa sinatura, entenderase prorrogado automaticamente por prazos anuais ata o límite máximo previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As actividades que ampara son de interese social para a cidadanía galega e veñen a mellorar o acceso á cultura e ao coñecemento da cidadanía galega en xeral e dos usuarios e usuarias das bibliotecas en particular.

Trátase dun convenio de colaboración para achegar á cidadanía galega en xeral entre outros servizos, o acceso universal á colección única tanto pola súa especialización como pola súa calidade deste servizo bibliotecario.

Santiago de Compostela

O secretario xeral de Cultura

Anxo M. Lorenzo Suárez

